



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DE CONSTITUCION DA NOVA CORPORACION E ELECCION DE
ALCALDE COMA CONSECUCION DAS ELECCIONS LOCAIS
CELEBRADAS O DIA 26 DE MAIO DE 2019.-**

ASISTENTES:

Concelleiros/as electos/as:

D. CESAR MANUEL FERNANDEZ
GIL (PP)
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ
(PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ
(PP)
D^a YOLANDA GOMEZ GOMEZ
(P.P.)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D. JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ
(PSOE)
D^a CRISTINA OTERO ALONSO
(PSOE)
D. MANUEL VAZQUEZ LOPEZ
(PSOE)
D^a. NOELIA RODRIGUEZ
TRAVIESO (PSOE)
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ
(RIBEIRO EN COMUN)
D^a. PAULA RODRIGUEZ
DOMINGUEZ (RIBEIRO EN
COMUN)
D. ENRIQUE RODRIGUEZ ALEJOS
(RIBEIRO EN COMUN).
D^a MARIA TERESA RODRIGUEZ
ESTEVEZ (BNG)

Secretario :

Francisco Gaspar Fernández Castro

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez

No salón de actos da Casa Consistorial de Ribadavia, sendo as nove e media da mañá do día quince de xuño do dous mil dezanove, para dar cumprimento ó que dispoñen os artigos cento noventa e cinco e cento noventa e seis da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, modificada polas Leis Orgánicas 1/1987, do 2 de abril; 8/1991, do 13 de marzo; 6/1992, do 2 de novembro; 13/1994, do 30 de marzo; 3/1995, do 23 de marzo; 1/1997, do 30 de maio e 3/1998 do 15 de xuño e artigos 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real decreto 2.568/1986, do 28 de novembro, referentes á constitución das corporacións locais e á elección de Alcalde, reuníronse, en sesión pública, os señores concelleiros electos nas eleccións locais celebradas o día 26 de Maio de 2019, asistidos polo infraescrito Secretario da Corporación Don Francisco Gaspar Fernández Castro, quen fai constar que foi cumprido o requisito que preceptúa o artigo 7º do citado regulamento, como trámite previo legal para este acto. Asiste o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

**FORMACION DE MESA DE IDADE, XURAMENTO OU PROMESA,
CONSTITUCION DA CORPORACION E PROCLAMACION DE CANDIDATOS
PARA A ELECCION DE ALCALDE.-**

Efectúan a promesa do cargo de concelleiras as de maior e menor idade das presentes.

Dona Clara Loeda Soto.- Prometo pola miña conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de concelleira de Ribadavia con lealtade o Rei e tamén gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado.

Dona Cristina Otero Alonso:- .- Prometo pola miña conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de concelleira de Ribadavia con lealtade o Rei e tamén gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado.

De seguido procedeuse a forma-la mesa de idade, integrada polo concelleiro electo de maior idade, de entre os asistentes, Dona Clara Loeda Soto, que pasa a presidila, e pola de menor idade, tamén de entre os asistentes, Dona Cristina Otero Alonso, e actuando como secretario da mesma o que é da propia Corporación.

Unha vez constituída a mesa de idade, pola mesma procédese a comproba-las credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos, baseándose na certificación recibida da Xunta Electoral de Zona e, comprobado que se cumpre a esixencia determinada polos artigos 195.4 da mencionada Lei orgánica e 37.4 do referido Regulamento.

De seguido procédese ao xuramento ou promesa do cargo polos concelleiros e concelleiras:

Don César Manuel Fernández Gil .- Prometo pola miña conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de concelleiro de Ribadavia con lealtade o Rei e tamén gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado.

Don Miguel García Domínguez.- Prometo pola miña conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de concelleiro de Ribadavia con lealtade o Rei e tamén gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado.

Dona María Luz Expósito Pérez.- Prometo pola miña conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de concelleira de Ribadavia con lealtade o Rei e tamén gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Dona Yolanda Gómez Gómez.- Prometo pola miña conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de concelleira de Ribadavia con lealtade o Rei e tamén gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado.

Don José Ignacio Gómez Pérez .- Prometo pola miña conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de concelleira de Ribadavia con lealtade o Rei e tamén gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado.

Don Manuel Vázquez López .- Xuro pola miña conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de concelleira de Ribadavia con lealtade o Rei e tamén gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado.

Dona María Teresa Rodríguez Estévez.- Prometo pola miña conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de concelleira de Ribadavia con lealtade o Rei e tamén gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado por imperativo legal.

Dona Noelia Rodríguez Travieso .- Prometo pola miña conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de concelleira de Ribadavia con lealtade o Rei e tamén gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado.

Don Brais Fidalgo Martínez.- Prometo por imperativo legal cumprir as obrigas como concelleiro impostas pola normativa vixente con respecto aos dereitos sociais e cidadans do pobo de Ribadavia polos que tanto loitaron os bos e xenerosos, os ferreiros dun mundo mellor.

D^a Paula Rodríguez Domínguez.- Prometo por imperativo legal cumprir as obrigas como concelleira impostas pola normativa vixente con respecto aos dereitos sociais e cidadans do pobo de Ribadavia polos que tanto loitaron os bos e xenerosos, os ferreiros dun mundo mellor.

Don Enrique Rodríguez Alejos.- Prometo por imperativo legal cumprir as obrigas como concelleiro impostas pola normativa vixente con respecto aos dereitos sociais e cidadans do pobo de Ribadavia polos que tanto loitaron os bos e xenerosos, os ferreiros dun mundo mellor.

A mesa declara constituída a Corporación, tralo cumprimento do requisito legal de prestar xuramento ou promesa de cada un dos señores concelleiros asistentes, segundo dispón o artigo 108.6 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

O sr interventor da lectura o artigo 196 da Lei Orgánica de Réxime Electoral na que se regula a elección de alcalde e ao artigo 102.3 do Regulamento de Organización , Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais que dispón que a votación para a elección de persoas debe ser secreta.

Acto seguido, de acordo co que dispón o artigo cento noventa e seis da repetida Lei orgánica, para a proclamación de candidatos para a elección de Alcalde, de entre os concelleiros que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas eleccións locais, resultando presentados e proclamados os seguintes: Don Cesar Manuel Fernández Gil do Partido Popular, Don José Ignacio Gómez Pérez do P.S. de G.- PSOE, Don Brais Fidalgo Martínez de Ribeiro en Común e Dona Maria Teresa Rodríguez Estévez polo BNG.

ELECCION DE ALCALDE.-

Acto seguido de acordo co que dipón o artigo cento noventa e seis da xa varias veces citada Lei orgánica 5/1985, procédese á elección de Alcalde, iniciándose a votación, de acordo co que establece o artigo 102 Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para elixilo de entre os candidatos proclamados para o devandito cargo, obténdose o seguinte resultado: Don Cesar Manuel Fernández Gil, cinco (5) votos, Don José Ignacio Gómez Pérez, catro (4) votos; Don Brais Fidalgo Martinez, tres (3) votos e Dona Maria Teresa Rodríguez Estévez, un (1) voto.

Dona Clara Loeda Soto , presidenta da mesa de idade.- Vistos os resultados e dado que ningún obtivo a maioría absoluta , don César Manuel Fernández Gil cabeza da lista máis votada nas eleccións municipais celebradas o pasado 26 de maio , fica proclamado alcalde de Ribadavia.

Prócedese a promesa do cargo de alcalde por don César Manuel Fernández Gil .- Prometo pola miña conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de alcalde de Ribadavia con lealtade o Rei e tamén gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado.

D César Manuel Fernández Gil , alcalde.- En primeiro lugar é para mín unha honra chegar a ser hoxe alcalde do meu pobo , de Ribadavia, penso que é a maior aspiración que pode ter en política unha persoa; mellorar a vida das persoas do seu entorno, das persoas coas que convive, as que saúda pola rúa, as persoas que contribúen a configurar a un como é, poder actuar para mellorar a vida de todos eles.

Somos conscientes da composición aritmética do pleno, e vamos a levar a cabo unha política de man aberta, de búsqueda de entendemento, aberta, para todos e todas, para mellorar a vida de todos e todas. Nos entendemos a política non como palabras e discursos , senón como traballo e feitos.

Quero expresar o meu agradecemento a todos os concelleiros e concelleiras das corporación democráticas que son os que fixeron posible que hoxe estemos eiquí.

Para rematar dous palabras que todos compartimos: Viva Ribadavia.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Continuamos co desenvolvemento do seguinte punto da orde do día, a acta de arqueo.

ACTA DE ARQUEO EXTRAORDINARIO.-

A continuación o Sr. Interventor dá lectura á acta de arqueo extraordinario, redactada con motivo da constitución da nova Corporación, acompañada de tódolos documentos que xustifican as existencias en metálico e en valores propios da Corporación, depositados na caixa municipal e nas entidades bancarias, resultando unhas existencias a data de 480.634,74 euros.

Coma remate, polo señor interventor dáse lectura ós artigos 24 e 38 do ROF, do 28 de Novembro de 1986, do cal contida fican enterados tódolos asistentes, co cal rematou esta xuntanza, erguéndose a sesión ás nove horas e cincuenta e cinco minutos da maña, estendéndose a presente que asina o Sr. Alcalde-Presidente, conmigo o Secretario, do que certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

D César Manuel Fernández Gil

Francisco Fernández Castro



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*